

**PRESENTES:**

- 1.Aura. FFF Vigo, XR, 2020.
- 2.Xose Ramón. Sindicato Labrego.
- 3.Xurxo. Adegas.
- 4.Kylyan. Grupo traballo en educación ambiental e desenvolvemento comunitario do CEESG (Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia).
- 5.Sara. Individual.
- 6.Nacho Jorganes. Verdegala e contraminación.
- 7.Kai. XR Santiago.
- 8.Brandon. Individual. Profesor.
- 9.Angel. AdegasVigo.
- 10.Muki. Casa colorida.
- 11.Xaquín. Ecoloxistas en acción Vigo.
- 12.Cristóbal. Comunidade de Montes de Tameiga.
- 13.Maribel. Ecoloxistas en acción.
- 14.Merchi. Individual
- 15.Artai. Casa Colorida coordinadora CS suroeste, XR e FFF
- 16.Miguel Anxo. Rede para o Decremento 2020.
- 17.Loís. Individual
- 18.Diego. FFF
- 19.Cintia. Enxenería sen fronteiras.
- 20.Nery. Plataforma salvemos o Iribio. Plataforma pola convivencia ética e Equo.
- 21.Angel. Amigos da Terra.
- 22.Marc. Enxenería sen fronteiras.
- 23.Laura. Individual.
- 24.Pablo Meira. Profesor USC e no Proxecto cambio climático.
- 25.Dani. Individual.
- 26.Sergio. FFF Coruña, XR, Plataforma en defensa do tren.
- 27.Xoanma. Verdegala.
- 28.Xulio. Asociación pola defensa da ría de Pontevedra.
- 29.Miguel Eirós. AdegasVigo.
- 30.Bea. Greenpeace.
- 31.Lara. Individual
- 32.Ruben. Traballador do sector forestal. Ecoloxistas en Acción.
- 33.Ana. Individual.
- 34.Jorge. Individual
- 35.Magui. Individual
- 37.Jon. Xuventude Activa en Sinerxis, Bota e Bata, XR, FFF.
- 38.Vero. Adegas e Enxenería sen fronteiras.
- 39.Eva. Individual
- 40.
- 41
- 42
- 43 en total.

## PUNTOS NA ORDE DO DÍA:

A.-Valoración das manifestacións do 27-S, cumio do clima e manifestación internacional polo clima de Madrid.

B.-Metodoloxía para elaborar o manifesto 2020 do MGpC

C.-Encontro nacional do MGpC (tipo de evento, lugar, datas, ...)

D.-Organización interna do MGpC.

E.-Comunicación externa do MGpC (blogue, redes sociais, ...), divulgación e educación social

F.-Novas accións do MGpC.

G.-Decálogo de propostas do MGpC ás formacións políticas de cara as vindeiras eleccións galegas.

H.-Soma de máis organizacións adheridas ao MGpC.

### **A.Valoración das manifestacións do 27-S, cumio do clima e manifestación internacional polo clima de Madrid:**

-Aura. Agradecemento polas mobilizacións.

-Valoración positiva dende Adegavigo. Recordatorio do positivo do xuntamento de varias asociacións para participar nun bloque único.

-Miguel Anxo matiza a capacidade que tivemos de estar na onda internacional como galegas e galegos e pensa que debemos seguir traballando de cara ao peche xusto da central térmica das Pontes e especialmente acadar un discurso nacional con capacidade para influir nas decisións políticas.

-Destacouse que nas manifestacións contra a COP25 non había pancartas nin infografía do MGpC unido e se critica que as participantes decidisen ir con cadanseu movemento.

-Destácase que foi moi positivo o acontecido en Madrid pero en xeral moi improvisado, especialmente cando saímos dende Galicia como MGpC.

-Xulio considera moi positivo chegar a outro tipo de xente e a outras cidades (non centrais, impulso do rural).

-Valorase positivamente o contacto con estudantes e a participación xoven.

-Agradécese a crítica anterior e se recoñece que posiblemente fose por dúas causas: a primeira que non se transmitiu eficazmente a información respecto a asistir á COP en bloque e a segunda que é bastante difícil facelo en bloque cando as persoas participan tamén de moitas entidades de ámbito estatal.

### **B.Metodoloxía para elaborar o manifesto 2020 do MGpC:**

-Infórmase de que no anterior manifesto negociouse e dabatiuse cos Sindicatos respecto ao tema do peche das empresas electrointensivas. O debate último e que ademais se cedeu era se había que recoller ou non o peche concreto da central térmica das Pontes. Explicouse que a transición xusta é a única fórmula para acadar resultados satisfactorios no contexto da emerxencia climática. Unha transición xusta significa o peche da central cunha recolocación das traballadoras e traballadores; pola contra, certos sindicatos defenden o non peche pola preservación dos postos de traballo individuais e presentes.

-Faise unha pequena crítica acerca da prisa coa que se fixo o Manifesto que secundan FFF Coruña e Vigo. Ademais comunícase que a tipoloxía e o texto en sí resulta moi pesado tanto para ler como para presentar post-manifestacións e concentracións. Propónse facelo cunha linguaxe máis inclusiva, fresca e infográfica.

-Rógase a necesidade de que as que redactaron o Manifesto anterior participen activamente na seguinte redacción.

-Rógase tratar o redactado cunha sensibilidade particular de cara aos sindicatos xa que é importante integralos como asinantes e participantes activos pola forza que teñen.

-Matízase que unha diagnosis correcta do manifesto debe facer fincapé nas problemáticas ambientais de carácter Nacional: ideas de como debe ser o Monte Galego, como debe ser un sumidero ou como deben preservarse as rías, etc. Tamén se considera que o manifesto debe servir para proporcionar unha dimensión local á emerxencia climática e por tanto ás emerxencias climáticas do ámbito local ou comarcal.

-Ábrese a dimensión das eleccións galegas e rógase que o manifesto poida estar antes para ter unha folla de ruta coa que traballar de cara ás demandas para os partidos.

**-Acórdase que para a re-redacción do Manifesto 2020 se faga un grupo de traballo das persoas que pertencen a organizacións internas asinantes do anterior. A ruta de traballo será abrir o manifesto a achegas de colectivos asinantes, de outros colectivos que aínda non asinasen e a achegas de persoas individuais facendo un chamamento á cidadanía que amablemente queira participar.**

**-Acórdase o convite á reunión ás 3 agrupacións sindicais que participaron activamente no debate de redacción pero quedaron a piques de firmar: CIGA, Fruga e CGT. Considérase que o máis propositivo é chegar a un acordo sen reducir as proposicións do anterior manifesto.**

-Propónse que posteriormente a ter o manifesto se faga infografía que resulta máis operativa e accesible, e especialmente se suxire un texto refundido de propostas claras e prácticas de cara a reclamar aos partidos políticos, por exemplo en forma de decálogo.

-En relación á suma de novas entidades fálase que se fará chamamento unha vez redactado o manifesto.

**-Grupo de traballo en marcha a través do telegram.**

### **C. Encontro nacional do MGpC (tipo de evento, lugar, datas, ...)**

-Que sexa un encontro lúdico-festivo.

-Cristóbal da mancomunidade de montes de Tameiga propón este lugar pola accesibilidade (auditorio con capacidade tanto espacial e de loxística, monte para actividades exteriores, zona de acampada...) e para aproveitar para denunciar o expolio e a mala xestión dos Montes Galegos. Tameiga.

-Outras achegas: Preto de Vigo, fácil de chegar.

-Maniféstase que as agrupacións con capacidade económica fagan aportes de cara á participación e publicitación do encontro.

**-Grupo de traballo en marcha a través do telegram.**

### **D. Organización interna do MGpC. e**

### **E. Comunicación externa do MGpC (blogue, redes sociais, ...), divulgación e educación social:**

-Debátase acerca da creación dunha coordinadora e se chega á conclusión de que polo momento non é necesario xa que a estrutura interna, con portavozas e grupos de traballo está funcionando de maneira voluntaria e eficiente.

-Debátase acerca da comunicación e vese necesario falar da creación dun grupo de comunicación no que se divida a comunicación interna e de comunicación externa. Para a comunicación interna vese eficiente o gmail, o telegram e o traslado de cada entidade ás súas participantes. Para a comunicación externa débete acerca da creación de redes sociais coa marca propia do MGPC e chégase, por votación, á que é necesario crealas aínda que funcionemos tamén a través da comunicación nas redes das agrupacións asinantes.

-Matízase que é importante ter o manifesto antes da creación das redes para traballar cunha ruta de ideais que non confronten ás ideas das distintas asinantes do manifesto.

-Acórdase a reactivación da páxina web do movemento, que está en forma de blogue e se insire que estaría ben crear unha pestana de publicacións propias do MGPC e unha pestana para que

as asinantes fagan as súas publicacións sen necesidade de que reflecta sobre a idiosincrasia do MGPC e sen necesidade de que reflecta sobre outras entidades. Esta segunda proposta consiste en visibilizar puntualmente as actividades, achegas, publicacións, artigos, multimedia... das distintas entidades asinantes.

**-Acórdase a creación dunha canle de telegram que pode xestionar o grupo de comunicación para que se sume quen queira para estar informado tanto interna como externamente. A canle sería unha ferramenta que asegúrese a comunicación intraentidades e entre o MGPC e a cidadanía posto que so se poden publicar cousas de maneira unidireccional.**

-Respecto ás voceirías continúan de voceiras Andrea, Kai e Aura na medida do posible, pero se destaca que se en calqueira momento alguén pode selo en vista da imposibilidade das voceiras ou polo feito de voluntariedade que o faga, independentemente de se se é unha persoa xoven ou no.

**-Grupo de traballo de comunicación en marcha a través do Telegram; pero non operativo.**

#### **F.Novas accións do MGpC:**

Destácase que en Ferrol hai pouco movemento e considerase importante convidar a entidades, vilas e rural. Síntese un compromiso das organizacións e das persoas individuais para involucrar outros lugares, outras entidades, especialmente no rural.

**Puntos G e H comentados no punto B, *do Manifesto*.**

#### **\*Outras achegas:**

Faise un chamamento ao MGPC para asinar un documento en contra do expolio do Monte de Tameiga baseado no PXOM.

-Respóndese que pódese dar cobertura a través do MGPC pero non asinar xa que cada un debemos trasladar ás nosas organizacións se aproban a firma ou non e considérase que é mellor estratéxicamente que se asine de maneira individual e a través dos diferentes colectivos, non como MGPC.

**-A asemblea acorda que se use o correo do MGPC para transmitir esta proposta.**